



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/002010

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación das bases de participación na campaña "Ti fas grande o pequeno comercio en Sada").

Antecedentes:

- 1.- Expediente de tramitación 2025/X999/00571 co obxecto de promocionar e potenciar o comercio local e o consumo de proximidade neste municipio.
- 2.- Memoria xustificativa dos obxectivos.
- 3.- Proposta reguladora das bases de participación a instancia da Concellería de Turismo, Promoción Económica e Participación Cidadá.-

Bases reguladoras da participación na campaña:

- 1.-Ámbito de participación: Poderá participar calquera establecemento comercial do Concello de Sada.
- 2.-Data de celebración: Esta campaña desenvolverase no período comprendido entre o 15/11 e o 30/11 (a.i.) do presente ano.
- 3.- Obxecto de participación: A campaña consiste en a aportación de material promocional (agasallos para a clientela, cartaces e flyers promocionais...), visualización e publicidade da campaña en medios dixitais e en soporte físico, así como un importe económico (en forma de 3 vales agasallo por importe de 100 € c/u) entre os comercios participantes, para ser repartido entre os seus clientes no momento de que fagan compra no seu establecemento.
- 4.- Inscripción dos establecementos participantes: Os establecementos interesados en participar poderán inscribirse cumprimentando unha solicitude e achegando a mesma en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 5.- Prazo de inscrición: O prazo para inscribirse será do 01 ao 10 de novembro do presente ano (ata as 13:00 h. do día 10).
- 6.-Aceptación das solicitudes: A organización resolverá as solicitudes e contactará cos participantes para a retirada do material promocional.
- 7.- Deberes dos comercios participantes:
 - a).-Anunciar, en lugar visible, a participación no programa mediante a colocación do material publicitario facilitado.
 - b).- Facilitar aos consumidores os boletos dos "rascas" unha vez feita unha compra en dito establecemento. A compra mínima a xustificar será por importe de 20 euros.-
 - c).- Informar aos clientes agradecidos cos vales premiados que o troco dos agasallos deberan realizalo na OMIT, e usar os vales antes do 15/12/2025.-

Por todo canto antecede,

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as bases reguladoras da participación na Campaña "Ti fas grande o pequeno comercio en Sada".-

Segundo: Facilitar aos comercios solicitantes o material promocional da campaña.-

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.